

Anteproxecto de Lei XX/XX, do XX de XX de XXXX, de medidas integrais contra o acoso e a violencia dixital de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Resolución da Asemblea Xeral de Nacións Unidas “Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible” (Resolución A/RES/70/1, do 25 de setembro de 2015), reconece que “a expansión das tecnoloxías da información e as comunicacións e a interconexión mundial brinda grandes posibilidades para acelerar o progreso humano, superar a fenda dixital e desenvolver as sociedades do coñecemento”. O Obxectivo de Desenvolvemento Sostible, pretende aumentar o acceso á tecnoloxía da información e as comunicacións e esforzarse por proporcionar acceso universal e asequible a Internet. Doutra banda, a mellora no uso das tecnoloxías da información e as comunicacións preséntase, segundo o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible, como unha ferramenta para promover o empoderamento das mulleres.

Pero as TIC tamén presentan riscos para os dereitos humanos e, entre eles, o acoso e a violencia que, como fenómenos existentes na vida real, proxéctanse como un continuo en novas formas de acoso e violencia no mundo dixital, como o ciberacoso a unha persoa a través das redes sociais, a extorsión sexual a través de medios tecnolóxicos, o envío non consentido de mensaxes de contido sexual, o engano de menores con fins sexuais, ou a incitación a condutas daniñas.

En definitiva, a variedade de prácticas de acoso e violencia dixital arma ao acosador de recursos para aumentar as posibilidades de consecución dos seus obxectivos.

Ademais, o acoso e violencia dixital produce uns efectos na maioría dos casos máis devastadores para as persoas que o acoso e violencia no mundo real, pois as TIC teñen unha capacidade de difusión tan ampla como case imposible de controlar que fai que, en caso de canalizar o acoso e a violencia, estes presenten efectos devastadores sobre a vida da vítima. Tamén esta capacidade de difusión, na que están implicados actores públicos e privados e que se desenvolve nun contexto transnacional, dificulta as políticas públicas dirixidas á prevención, a sanción e a reparación.

As TIC presentan en particular riscos para os dereitos humanos das mulleres, as nenas e as adolescentes pois, máis aló de que os resultados actuais indican que as mulleres e os homes experimentan de maneira distinta as formas de violencia e o dano provocado por estas, debemos engadir que, ata a data, os estudos dispoñibles indican que as mulleres constitúen o obxectivo de certas formas de ciberviolencia, en particular a sexual, nunha proporción moi superior á dos homes, ademais de que os efectos destas formas de violencia son máis traumáticos debido á confluencia de procesos de vitimización secundaria máis intensos para as mulleres, as nenas e as adolescentes.

II

A nivel xurídico, existen importantes retos. Aínda que é xusto recoñecer que a normativa evoluciona tratando de adaptarse ás novas realidades, atopámonos con que a tecnoloxía dixital e Internet evolucionan a un ritmo aínda moito maior.

Os principais instrumentos universais de dereitos humanos (Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948), Pacto Internacional de dereitos civís e políticos (1966) e Pacto Internacional de dereitos económicos, sociais e culturais (1966)), incluídos os relativos aos dereitos da muller (Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1978)), así como os instrumentos europeos (Convenio Europeo de Dereitos Humanos (1950)), redactáronse antes da chegada da sociedade da información e das tecnoloxías da información e a comunicación, e aínda que ninguén dubida da súa plena aplicación na contorna dixital, é necesario adaptar os seus

mandatos ás novas realidades para que os dereitos que se recoñecen sexan reais e efectivos.

Instrumentos de dereitos humanos máis modernos contemplan os riscos das TIC. No ámbito do Consello de Europa, o Convenio de Budapest sobre a ciberdelincuencia (2001) ten por obxecto contribuír á loita contra os delitos que só poden cometerse mediante a utilización de tecnoloxías, nos que os dispositivos son tanto a ferramenta para cometer o delito como o obxectivo do delito, así como os delitos nos que se utilizou a tecnoloxía para mellorar outro delito, como no caso da fraude. Polo seu lado, o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (2011) insta a promover que o sector das TIC e os medios de comunicación participen na elaboración e aplicación de políticas integradoras e a establecer directrices para previr a violencia contra a muller, reforzando o respecto da súa dignidade. Así mesmo, promove as capacidades das e dos menores, proxenitores e persoas educadoras para facer fronte a unha contorna tecnolóxica.

No ámbito do Dereito da Unión Europea, a Directiva 2013/40/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de agosto de 2013, relativa aos ataques contra os sistemas de información e pola que se substitúe a Decisión marco 2005/222/JAI do Consello, establece normas mínimas relativas á definición das infraccións penais e ás sancións aplicables no ámbito dos ataques contra os sistemas de información. Polo seu lado, a Directiva (UE) 2024/1385 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de maio de 2024, sobre a loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, establece normas mínimas para previr e combater a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, en concreto normas mínimas relativas á definición dos delitos e das sancións nos ámbitos da explotación sexual de mulleres e menores e da delincuencia informática, aos dereitos das vítimas de todas as formas de violencia contra as mulleres ou de violencia doméstica antes dos procesos penais, durante o seu transcurso e durante un período de tempo adecuado tras tales procesos, e á protección e o apoio ás vítimas, prevención e intervención temperá.

A nivel do Estado español, a Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, introduciu novas figuras delituosas e adecuou os tipos penais xa existentes co fin de ofrecer unha resposta máis adecuada ás novas formas de delincuencia. As modificacións propostas pretendían en particular superar as limitacións da regulación vixente para ofrecer resposta á delincuencia informática no sentido da normativa europea.

Polo seu lado, a Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de protección integral da liberdade sexual, recolle unha mención explícita á violencia dixital sexual cando define o que se entende por violencias sexuais e obriga a prestar especial atención ás violencias sexuais cometidas no ámbito dixital, o que, segundo aclara, comprende a difusión de actos de violencia sexual, a pornografía non consentida e a infantil en todo caso, e a extorsión sexual a través de medios tecnolóxicos. Tamén esta Lei orgánica establece medidas específicas de prevención da violencia no ámbito dixital e da comunicación.

III

Os poderes públicos de Galicia non se mantiveron alleos a esta preocupación polos riscos dixitais. Resulta salientable que a Lei 15/2021, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, no seu artigo 3.h) incluíu, dunha maneira pioneira, a violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller, que inclúe todo acto ou conduta de violencia de xénero cometido, instigado ou agravado, en parte ou na súa totalidade, polo uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), como Internet, plataformas de redes sociais, sistemas de mensaxería e correo electrónico ou servizos de xeolocalización, coa finalidade de discriminar, humillar, chantaxear, acosar ou exercer dominio, control ou intromisión sen consentimento na privacidade da vítima; con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella ou análoga de afectividade no presente ou no pasado, ou de parentesco coa vítima.

Como poderes públicos da Comunidade autónoma de Galicia atopámonos ante unha obriga que emana do artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, segundo o cal lles

corresponde aos devanditos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

En cumprimento deste mandato estatutario, o obxecto da presente lei, segundo se establece expresamente no seu artigo 1, é a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, prevención e detección do acoso e violencia dixital, así como a protección e apoio ás persoas que a sofren, atribuíndo o máis alto grao de efectividade ao dereito constitucional á dignidade das persoas, á igualdade de mulleres e homes e á protección da infancia. Esta lei pretende ser un instrumento para a consecución da efectividade do dereito fundamental da cidadanía para vivir sen violencia e do dereito fundamental das mulleres para vivir sen violencia de xénero, conceptuada esta como violación dos dereitos fundamentais e grave problema social que non pode tolerar ningunha sociedade asentada en valores de respecto e solidariedade.

IV

A parte articulada da presente lei estrutúrase en catro títulos, comprensivos de 26 artigos, máis dúas disposicións adicionais e outras tres disposicións derradeiras.

O Título Preliminar sobre “Disposicións xerais” regula, ademais do obxecto da lei, o ámbito de aplicación obxectivo e subxectivo, que se contempla de maneira ampla incluíndo o acoso e violencia por asociación e vicaria, e estende a protección a quen sufra represalias . Tamén se enumeran os principios da presente lei, distinguindo aqueles de carácter substantivo para delimitar o contido das medidas daqueles outros principios de carácter instrumental para delimitar as estratexias para a efectividade das medidas.

Aínda que a protección fronte a violencia de xénero, a protección da infancia e adolescencia fronte a violencia e a protección fronte a LGBTIfobia está establecida

noutras normas que inclúen a protección fronte a violencia dixital, é imprescindible complementalas con medidas específicas para a protección fronte ao acoso e a violencia dixital que á vez non despracen aquelas outras normas máis xerais. De aí a necesidade de coordinar todos eses conxuntos normativos e de facelo baixo o principio de que a existencia de conxuntos normativos concorrentes non mingüe a eficacia das normas, nin tampouco os dereitos das persoas vítimas.

O Título I sobre “medidas de sensibilización, prevención e detección” aposta pola prevención como mecanismo eficaz para erradicar o acoso e a violencia dixital. As medidas de prevención diríxense a toda a poboación, ou a ámbitos concretos: o ámbito educativo e universitario; a protección da infancia e da adolescencia; o ámbito sanitario e sociosanitario; os medios de comunicación de titularidade autonómica e privados; servizos da sociedade da información; ámbito laboral; emprego público autonómico; postos de traballo en contacto directo coas persoas vítimas. Todas estas normas deben ser consideradas como mínimas e son susceptibles de ser desenvoltas pola Xunta de Galicia dada a habilitación regulamentaria que se contén na disposición final segunda.

Complétase o título segundo cunha medida de fomento da investigación na materia e a elaboración dun informe anual, que servirán para coñecer o estado real do acoso e a violencia dixital, a evolución da situación e a implementación da lei, e que permitirán avaliar a posibilidade de avances, en particular á vista de posibles novas manifestacións de acoso e violencia dixital.

O Título II sobre “formación do persoal ao servizo da Comunidade autónoma de Galicia e das Forzas e Corps de Seguridade” regula a formación sobre acoso e violencia dixital dirixida tanto a todo o persoal ao servizo da Comunidade autónoma de Galicia como as Forzas e Corps de Seguridade. Estas esixencias de formación complementanse con aquelas outras establecidas na normativa sobre violencia de xénero, delitos sexuais, protección da infancia e adolescencia, LGBTIfobia e outras violencias con regulacións especiais coa finalidade de conseguir que as persoas vítimas de calquera clase de acoso e violencia dixital sexan atendidas, en tal condición, por persoal debidamente formado na materia.

O Título III sobre “dereitos das persoas vítimas de acoso ou violencia dixital” contén, sen prexuízo dos dereitos que ás mesmas se lle recoñecen noutras normas estatais ou autonómicas, cinco dereitos adicionais garantidos pola Xunta de Galicia: o dereito á asistencia integral; o dereito á asistencia xurídica gratuíta; o dereito á restauración da reputación dixital; o dereito á recuperación do proxecto vital; e o dereito á reparación simbólica. Particularmente destacable é o compromiso asumido pola Xunta de Galicia para a prestación dun servizo de borrado da pegada dixital para, na medida do que sexa posible tecnicamente, a eliminación daquel material dixital accesible en rede que se usou como instrumento de acoso ou violencia dixital. Por último, recoñécese a condición de persoas interesadas, ademais da propia vítima e sempre que contén coa súa autorización, as entidades, asociacións e organizacións da sociedade civil.

A lei complétase con dúas disposicións adicionais que introducen reformas na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, e na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Tamén se conteñen tres disposicións derradeiras de carácter técnico sobre a esixencia de dotación orzamentaria, a habilitación para o desenvolvemento regulamentario e a entrada en vigor.

Esta lei axústase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ao responder as medidas previstas na mesma á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao establecerse na norma os obxectivos perseguidos e a súa xustificación e ao promoverse a participación cidadá no procedemento de elaboración da norma, como esixen os principios de transparencia e accesibilidade, así como ao introducirse a través dela, de acordo cos principios de seguridade xurídica e simplicidade, as modificacións pertinentes nas disposicións vixentes concordantes coa materia regulada.

No procedemento de elaboración desta lei promoveuse a participación cidadá a través do Portal de transparencia e goberno aberto e a través da audiencia a múltiples organizacións e asociacións. Igualmente, na tramitación do anteproxecto de lei seguíronse os trámites previstos na normativa aplicable.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e fins

1. Esta lei ten por obxecto establecer, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, un marco normativo integral para a prevención, detección, atención, protección e reparación fronte ao acoso e á violencia dixital, co fin de garantir a efectividade dos dereitos fundamentais, a dignidade da persoa, a igualdade entre mulleres e homes e a protección da infancia, de conformidade co disposto no artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

2. Son fins da presente lei:

- a) Establecer os principios reitores da actuación no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia en materia de acoso e violencia dixital.
- b) Regular medidas de sensibilización, prevención e detección do acoso e da violencia dixital.
- c) Promover a formación do persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e, no ámbito das súas competencias, do persoal das forzas e corpos de seguridade.
- d) Establecer medidas de protección e apoio ás persoas vítimas de acoso ou violencia dixital.

Artigo 2. Ámbito de aplicación obxectivo

1. Para os efectos desta lei, enténdese por acoso e violencia dixital calquera conduta, incluídas as ameazas, cometida, instigada ou agravada, total ou parcialmente, mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, que teña por finalidade ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa ou que sexa idónea para produci-lo, con independencia de que se manifeste de forma illada ou reiterada, e que cause ou poida causar danos físicos, psicolóxicos ou económicos.

2. Igualmente, e sempre que as condutas sexan cometidas, instigadas ou agravadas, total ou parcialmente, mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, tamén se considerará acoso e violencia dixital:

a) As formas de violencia de xénero recollidas no artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

b) O acoso por razón de sexo e o acoso sexual definidos no artigo 6 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

c) O acoso discriminatorio por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, conforme ao artigo 3 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

d) Calquera outra conduta que, de acordo coa lexislación estatal ou autonómica vixente, sexa cualificada como acoso ou violencia en calquera ámbito.

3. Queda excluída do ámbito de aplicación desta lei a utilización, por parte das persoas titulares da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento, de ferramentas de control parental que se axusten á lexislación vixente e teñan por finalidade a protección e seguridade das persoas menores ou dependentes ao seu cargo.

Artigo 3. Ámbito de aplicación subxectivo

1. As medidas previstas nesta lei serán de aplicación ás persoas físicas que residan na Comunidade autónoma de Galicia e que resulten directamente afectadas por situacións de acoso ou violencia dixital nos termos definidos no artigo 2.

2. A protección prevista nesta lei entenderase igualmente aplicable ás persoas físicas que, sen sufrir directamente situacións de acoso ou violencia dixital, resulten afectadas por razón da súa vinculación familiar, afectiva ou de convivencia con quen a sufra, incluíndo expresamente os supostos de violencia vicaria nos termos definidos na lexislación vixente en materia de violencia de xénero.

3. Sen prexuízo do previsto no artigo 464 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, a protección prevista nesta lei estenderase ás represalias exercidas contra quen defenda, asesore ou testemuñe nun proceso xudicial a favor das persoas vítimas de acoso ou violencia dixital nos termos previstos nos números 1 e 2.

4. No caso de persoas menores de idade ou suxeitas a patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento, os dereitos recoñecidos nesta lei serán exercidos polas persoas titulares das devanditas institucións, nos termos establecidos pola lexislación vixente. Cando concorra un conflito de intereses por ser algunha destas persoas a presunta autora do acoso ou da violencia dixital, ou cando exista unha sospeita razoable neste sentido, deberán activarse os mecanismos legalmente previstos para garantir a representación e protección da persoa afectada, dando conta ao Ministerio Fiscal ou ao órgano xudicial competente.

5. Para os efectos desta lei, prestarase especial atención ás situacións que afecten ás mulleres, aos e ás menores, e ás persoas LGBTI, en atención á súa maior exposición ao risco de sufrir acoso e violencia dixital.

Artigo 4. Principios reitores

1. As accións e medidas previstas nesta lei, así como as que se adopten no seu desenvolvemento ou execución, rexeranse polos seguintes principios xerais:

- a) Principio de enfoque de dereitos humanos: o respecto, a protección e a garantía dos dereitos humanos recoñecidos nos tratados e convenios internacionais ratificados polo Estado español, así como dos dereitos fundamentais e liberdades públicas recollidos no Título I da Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia .
- b) Principio de transversalidade de xénero: a integración transversal da perspectiva de xénero, co obxectivo de garantir a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o empoderamento das mulleres e das nenas, de conformidade co disposto nos artigos 20 e concordantes da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- c) Principio de interseccionalidade: a consideración da interseccionalidade, especialmente cando as vítimas de violencia dixital sexan mulleres ou nenas, tendo en conta a concorrencia de factores de discriminación ou vulnerabilidade, tales como a orixe racial ou étnica, a nacionalidade, a discapacidade, a orientación sexual, a identidade de xénero, a idade, a saúde, a situación administrativa, a condición de persoa migrante ou calquera outra circunstancia persoal ou social que poida implicar unha posición de desvantaxe no exercicio efectivo dos dereitos.
- d) Principio de accesibilidade universal: de xeito que as accións e medidas previstas nesta lei sexan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, garantindo especialmente a súa efectividade para as vítimas con discapacidade, en situación de dependencia, con barreiras idiomáticas ou culturais, persoas maiores, nenas e nenos.
- e) Principio de diversidade territorial: asegurar que as actuacións de sensibilización, prevención, detección, protección e apoio ás vítimas se adapten aos contextos específicos do medio rural e das áreas na periferia urbana, co fin de garantir a igualdade de acceso aos recursos e servizos previstos nesta lei.

2. Así mesmo, no deseño e na execución das accións e medidas previstas nesta lei, así como das que se adopten no seu desenvolvemento ou execución, garantirase a participación activa das entidades, asociacións e organizacións da sociedade civil implicadas na prevención e erradicación do acoso e da violencia dixital. Igualmente, promoveranse espazos de interlocución que posibiliten a participación directa das

persoas recoñecidas como vítimas de acoso ou violencia dixital, incluídas as nenas, os nenos e os adolescentes, respectando en todo caso a súa intimidade persoal e familiar, a protección dos seus datos persoais e a súa dignidade.

3. No exercicio das actuacións previstas nesta lei, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público autonómico cooperarán de forma efectiva co conxunto das administracións públicas competentes en materia de sociedade da información e contra ao acoso e a violencia dixital, co fin de garantir unha resposta coordinada, integral e eficaz.

TÍTULO I

Medidas de sensibilización, prevención e detección

Artigo 5. Campañas de información e sensibilización da poboación

1. Co obxecto de previr e erradicar o acoso e a violencia dixital en todos os ámbitos da vida das persoas, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería competente en materia de igualdade e, de ser o caso, en coordinación coa consellería ou consellerías competentes segundo o alcance ou o contido de cada campaña, porá en marcha de forma periódica campañas de información e sensibilización dirixidas a fomentar un uso respectuoso das tecnoloxías da información e da comunicación, facilitar a identificación das distintas situacións de acoso e violencia dixital, e difundir información sobre os dereitos das vítimas, as pautas de actuación e os recursos públicos dispoñibles no caso de coñecer ou sufrir situacións de acoso ou violencia dixital.

2. As campañas deseñaranse de modo que sexan accesibles para todas as persoas. En particular, procurarán superar as barreiras derivadas da idade, da discapacidade ou do illamento xeográfico en contornos rurais ou periféricos. Cando estean dirixidas especificamente a persoas menores de idade, evitárase unha linguaxe complexa ou

confusa, empregando unha comunicación transparente, comprensible e adaptada. Así mesmo, adecuaranse a linguaxe e os elementos visuais ás necesidades das persoas con discapacidade. No caso de persoas maiores, terase en conta a posible existencia dunha fenda de alfabetización dixital que cómpre compensar.

3. As campañas de información e sensibilización divulgaranse a través dos medios de comunicación e dos centros de carácter educativo, social, sanitario, laboral, cultural ou deportivo que dependan da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou de entidades do sector público autonómico. Sen prexuízo do anterior, en función do ámbito obxectivo ou do contido de cada campaña, esta poderá centrarse e intensificarse nalgún ou nalgúns deses sectores ou canles específicos, co fin de acadar a máxima eficacia na difusión da mensaxe.

4. Para os efectos destas campañas, promoverase activamente a participación das entidades, asociacións e organizacións da sociedade civil implicadas na erradicación do acoso e da violencia dixital, así como das propias persoas vítimas. Así mesmo, potenciarase a colaboración con todas as administracións públicas que teñan competencias nas materias de sociedade da información, de comunicación ou de prevención e loita contra o acoso e a violencia dixital, consonte o establecido no artigo 6.

5. As campañas de información e sensibilización previstas neste artigo serán independentes de calquera outras campañas realizadas ao abeiro da normativa específica en materia de violencia de xénero, de protección da infancia, de loita contra a LGBTIfobia ou dirixida a calquera outro colectivo especialmente protexido. Non obstante, nestas outras campañas deberá incorporarse tamén a perspectiva da loita contra a violencia dixital, de acordo coa normativa que lles sexa aplicable.

Artigo 6. Prevención no ámbito educativo non universitario

En cumprimento do artigo 83 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de educación, incluírá nos currículos de todas as etapas educativas non universitarias contidos formativos en competencia dixital, adaptados ao nivel de cada etapa, co obxectivo de garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e de promover un uso dos medios dixitais que sexa responsable, crítico e seguro, respectuoso coa dignidade humana, a xustiza social e a sustentabilidade ambiental, cos valores constitucionais e cos dereitos fundamentais, particularmente co respecto á intimidade persoal e familiar e á protección de datos persoais.

Artigo 7. Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de educación e en colaboración cos centros educativos, aprobará e manterá actualizado un Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso que incluírá, cando menos, as seguintes medidas:

- a) Medidas de supervisión, a cargo da Inspección Educativa, dirixidas a garantir o cumprimento do disposto no artigo 6 en relación cos currículos das etapas educativas. Para tal fin, programaranse anualmente actuacións inspectoras con obxectivos específicos, sen prexuízo de que se poidan realizar visitas adicionais cando existan denuncias concretas que así o aconsellen.
- b) Medidas de fomento destinadas a que os centros de ensino non universitario, no exercicio da súa autonomía pedagóxica, desenvolvan actividades de carácter extraescolar orientadas a fomentar un uso respectuoso das tecnoloxías da información e da comunicación, e a facilitar que o alumnado adquira as habilidades necesarias para identificar e previr por si mesmo os riscos asociados ao mundo dixital , como a incitación ao odio, a violencia ou o acoso a través de medios dixitais, e, de ser o caso, para empregar as canles de denuncia dispoñibles fronte a esas situacións.

c) Medidas de formación e información dirixidas ao conxunto da comunidade educativa, incluíndo accións formativas para o profesorado, actuacións de sensibilización e información ao alumnado, e iniciativas de información e colaboración coas familias. A tal efecto, a consellería con competencias en materia de educación porá ao dispor dos centros docentes e das asociacións de nais e pais do alumnado, a través do portal web institucional, os materiais formativos e divulgativos necesarios, coidando especialmente que estes lles permitan ás familias coñecer e utilizar axeitadamente as ferramentas de control parental sobre os dispositivos dixitais.

2. No marco do Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso, todos os centros docentes, con independencia da súa titularidade, aprobarán protocolos específicos para a prevención, detección e actuación fronte ao acoso e á violencia dixital no seo da comunidade educativa. Tales protocolos fomentarán o uso respectuoso das tecnoloxías da información e da comunicación mediante campañas de sensibilización dirixidas ao alumnado, ofrecerán pautas e exemplos prácticos que faciliten a identificación das distintas situacións de acoso e violencia dixital, e incluírán información sobre os dereitos das persoas afectadas, as actuacións que proceda realizar e os recursos públicos dispoñibles no caso de coñecer ou sufrir unha situación de acoso ou violencia dixital. O seu contido deseñarase de maneira que resulte accesible para todas as persoas e será difundido adecuadamente entre todos os sectores da comunidade educativa. En todo caso, os protocolos deberán prever mecanismos que permitan presentar denuncias tanto de forma presencial como por medios dixitais.

Co obxectivo de axudar na elaboración e actualización destes protocolos, a consellería con competencias en materia de educación porá ao dispor dos centros docentes un modelo de protocolo publicado no seu portal web, que servirá de referencia e estará debidamente actualizado en función da normativa vixente, das novidades tecnolóxicas e dos estudos dispoñibles en cada momento sobre a prevención, a detección, a sanción e a reparación do acoso e da violencia dixital.

3. Todas as medidas previstas neste artigo terán en conta tamén as situacións de acoso e violencia dixital que puidesen ocorrer durante os períodos de vacacións ou fóra do

horario lectivo, sempre que tales situacións se produzan entre membros da mesma comunidade educativa e como consecuencia ou con ocasión das relacións establecidas no seu seo.

4. Todas as actuacións desenvolvidas en aplicación deste artigo terán carácter inclusivo para todo o alumnado. En particular, atenderán as necesidades específicas do alumnado con necesidade de apoio educativo, e adaptarán a linguaxe empregada e os elementos visuais utilizados ás necesidades das persoas con discapacidade.

Artigo 8. Prevención no ámbito universitario

1. No marco da lexislación vixente e respectando a autonomía universitaria, as universidades públicas de Galicia incorporarán, sempre que sexa pertinente, contidos formativos nos plans de estudo das súas titulacións oficiais e propias co obxectivo de garantir a plena integración do alumnado na sociedade dixital e promover un uso dos medios dixitais que sexa responsable, crítico e seguro, respectuoso coa dignidade humana, a xustiza social e a sustentabilidade ambiental, cos valores constitucionais e cos dereitos fundamentais. En particular, fomentárase o respecto á intimidade persoal e familiar e á protección dos datos persoais.

A inclusión destes contidos formativos considerarase en todo caso pertinente nas seguintes titulacións universitarias:

- a) Titulacións nas que o exercicio profesional asociado comporte previsiblemente contacto directo con persoas menores de idade, con persoas con discapacidade intelectual, con persoas maiores con escasa alfabetización dixital ou con outros colectivos especialmente vulnerables ao acoso e á violencia dixital. En particular, terase en conta esta pertinencia nas carreiras de Medicina, Psicoloxía, Psiquiatría, Enfermaría, Maxisterio, Traballo Social e Dereito.
- b) Titulacións relacionadas coas tecnoloxías da información e a comunicación ou coa sociedade da información, de maneira que o seu plan de estudos asegure que o

alumnado adquira as competencias necesarias para previr, identificar e afrontar situacións de acoso e violencia dixital no exercicio da súa futura profesión.

2. Dentro do respecto á autonomía universitaria, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de universidades, poderá subvencionar ou apoiar economicamente a organización de actividades formativas e informativas sobre acoso e violencia dixital por parte das universidades galegas, dirixidas ao seu persoal docente e investigador, ao seu persoal de administración e servizos, así como ao conxunto do seu alumnado.

Artigo 9. Protección da infancia e a adolescencia

O tratamento do acoso e da violencia dixital, tanto no seo do sistema de protección da infancia e da adolescencia coma no desenvolvemento das actuacións de reeducación de persoas menores de idade infractoras, rexerase polo disposto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, así como de conformidade coa lexislación básica do Estado en materia de protección de menores, en particular coa Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Artigo 10. Detección de acoso e violencia dixital no ámbito sanitario e sociosanitario

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en sanidade, velará por que o persoal das institucións sanitarias cumpra coa obriga legal de denunciar ante as autoridades competentes aquelas situacións de acoso ou violencia dixital coñecidas no exercicio da súa profesión que poidan ser constitutivas de delito, conforme o disposto no artigo 262 da Lei de axuízamento criminal.

2. Igualmente, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de políticas sociais, velará por que o persoal

do sistema público sociosanitario, así como dos centros privados con prazas concertadas, cumpra coa súa obriga de denunciar ante as autoridades competentes as situacións de acoso ou violencia dixital das que teña coñecemento no exercicio da súa profesión, de acordo co establecido no artigo 262 da Lei de axuízamento criminal.

Artigo 11. Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

1. Dentro do pleno respecto á liberdade de expresión e de información, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia aprobará unha guía de boas prácticas para a difusión de noticias relacionadas co acoso e a violencia dixital. Dita guía, incluírá polo menos, as seguintes medidas:

- a) Actuacións destinadas a sensibilizar a audiencia sobre o uso respectuoso das tecnoloxías da información e a comunicación e sobre os riscos de acoso e violencia dixital.
- b) Pautas para a adopción de boas prácticas no tratamento informativo sobre estas materias, segundo o establecido nos apartados c), e) e i) do número 2 do artigo 42 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.
- c) Medidas de formación do persoal da Corporación no respecto á dignidade das vítimas e dos seus dereitos fundamentais, incluídos os dereitos á liberdade, a honra, a intimidade persoal e familiar, a propia imaxe e a protección de datos persoais, no contexto da realización e emisión de contidos relacionados co acoso ou violencia dixital.
- d) Medidas para a protección do persoal da Corporación fronte ao acoso e a violencia dixital que poidan chegar a sufrir no exercicio das súas funcións.

2. De conformidade coa lexislación aplicable, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia incorporará nos contratos que celebre con empresas de contidos audiovisuais a esixencia de cumprimento da guía de boas prácticas a que se refire o número 1 deste artigo.

Artigo 12. Prevención no ámbito dos medios de comunicación de titularidade privada

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a adopción, por parte dos medios de comunicación de titularidade privada, de acordos voluntarios de autorregulación relativos á prevención e ao tratamento do acoso e a violencia dixital no seus contidos.
2. De conformidade coa lexislación aplicable, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a incorporación nos contratos ou convenios que celebre cos medios de comunicación social de titularidade privada a esixencia de cumprimento da guía de boas prácticas a que se refire o número 1 do anterior artigo.

Artigo 13. Prestadores de servizos da sociedade da información

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de igualdade, promoverá a subscrición de acordos con prestadores de servizos da sociedade da información que desenvolvan a actividade en Galicia co obxectivo de elaborar e aplicar medidas de sensibilización e prevención do acoso e a violencia dixital, e de impulsar servizos, dirixidas en particular ao establecemento de criterios e mecanismos áxiles e urxentes de denuncia e retirada de contidos relacionados co acoso e a violencia dixital.

Artigo 14. Prevención no ámbito laboral

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de traballo e en colaboración coa consellería con competencias en materia de igualdade, fomentará a adopción por parte das empresas de medidas de prevención, sanción e reparación fronte ao acoso e a violencia dixital, a través de convenios ou outros instrumentos de colaboración e a concesión de axudas dirixidas en particular ás pequenas e medianas empresas.

Tales medidas poderán consistir, entre outras actuacións, en campañas informativas dirixidas a todo o persoal da empresa, cursos de formación para o persoal directivo e mandos intermedios e o establecemento dun procedemento de denuncia interna eficaz

e confidencial para os supostos de acoso ou violencia dixital sufridos polas persoas traballadoras, ben por parte doutras persoas da empresa, da clientela ou das persoas usuarias dos servizos, ou doutras persoas relacionadas coa empresa. En todo caso, preverase a formación específica das persoas con funcións de supervisión no lugar de traballo sobre a forma de recoñecer, previr e abordar o acoso e a violencia dixital.

Así mesmo, fomentarase a colaboración da representación do persoal e dos sindicatos máis representativos a nivel autonómico e representativos na empresa, en orde á implementación das referidas medidas.

O incumprimento das medidas determinará a perda, ou de ser o caso, o reintegro total ou parcial das axudas concedidas conforme se estableza na convocatoria e de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As medidas previstas neste artigo serán independentes de aquelas que deban adoptarse ao abeiro da normativa específica sobre violencia de xénero, protección da infancia, LGBTIfobia ou outras referidas a determinados colectivos. Non obstante, en tales actuacións específicas deberá tomarse en consideración tamén a violencia dixital, de acordo coa normativa que lles sexa aplicable.

3. O órgano superior da consellería con competencias en materia de emprego, inspección e seguridade social impulsará a vixilancia do cumprimento da legalidade vixente en relación co acoso e a violencia dixital acaecida no ámbito da relación laboral e, en particular, no contexto do traballo a distancia ou teletraballo.

4. Coa finalidade de promover a efectividade do dereito de todas as persoas traballadoras, en particular das mulleres, a desenvolver a súa actividade nunha contorna laboral sen violencia dixital, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través das consellerías con competencias en materia de traballo e en materia de igualdade, elaborará unha guía que conterá as orientacións para:

- a) Identificar posibles casos de violencia dixital acaecidos con ocasión ou a consecuencia da execución do traballo por conta allea.
 - b) Garantir a xestión adecuada da incidencia no caso de que se detecte algún suposto de violencia dixital, e se se identifica a persoa vítima, proporcionar a esta a información axeitada sobre as súas posibles vías de actuación.
 - c) Facilitar a recuperación do seu proxecto profesional.
5. Como alternativa á elaboración dunha guía específica sobre violencia dixital no ámbito laboral, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, poderá optar por incorporar as correspondentes especificacións sobre violencia dixital nas guías que se elaboren en relación con outros tipos de acoso ou violencia no traballo, ou nas guías de detección da violencia de xénero ou sexual no ámbito laboral.

Artigo 15. Prevención no emprego público da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e do Sector público autonómico de Galicia

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, organizará campañas de información periódicas dirixidas ao conxunto do seu persoal funcionario, laboral ou estatutario, para previr, identificar e, de ser o caso, sancionar e reparar o acoso e a violencia dixital no ámbito do sector público. Estas campañas fomentarán un uso respectuoso das tecnoloxías da información e da comunicación, facilitarán a detección das distintas situacións de acoso ou violencia dixital e difundirán información sobre os dereitos do persoal afectado, as pautas de actuación e os recursos públicos dispoñibles no caso de coñecer ou sufrir situacións desta natureza. As devanditas campañas de información estenderanse igualmente ao persoal de todas as entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia.

2. As denuncias ou queixas por acoso ou violencia dixital formuladas contra as persoas ao servizo da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e do seu sector público autonómico, no exercicio das súas funcións, tramitaranse conforme ao procedemento disciplinario vixente establecido na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público autonómico adoptarán as medidas necesarias para previr o acoso e a violencia dixital contra o seu persoal por parte de persoas usuarias dos servizos, provedores ou outras terceiras persoas alleas á organización. En particular, estableceranse protocolos e actuacións preventivas axeitadas no ámbito dos servizos sanitarios, no ámbito da educación e naqueles outros sectores nos que o risco de acoso de terceiros sexa máis relevante.

Artigo 16. Postos de traballo en contacto directo coas persoas vítimas ou con persoas en situación de maior risco de acoso e violencia dixital

1. Dentro da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e do sector público autonómico de Galicia, para a cobertura dos postos de traballo que impliquen un contacto directo con vítimas de acoso e violencia dixital terase en conta a formación específica acreditada nesta materia. Esta formación poderá acreditarse mediante actividades de formación da Escola Galega de Administración Pública ou doutras actividades de formación oficiais equivalentes, conforme se determine na correspondente convocatoria. Para tales efectos, poderase atribuír un perfil específico ao posto nas relacións de postos de traballo, indicando os requisitos ou méritos formativos esixibles ou valorables.

2. Así mesmo, dentro da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e do seu sector público autonómico, para o desempeño dos postos de traballo que impliquen un contacto directo con persoas menores de idade, persoas con discapacidade intelectual, persoas maiores sen competencias dixitais ou outras persoas especialmente vulnerables ao risco de acoso e violencia dixital, esixirase un certificado de antecedentes penais, onde se comprobará que non consten delitos de acoso ou de violencia dixital.

3. Para os efectos establecidos nos dous números anteriores, entenderase por contacto directo tanto o que se produce de forma presencial como aquel que se realiza por medios telemáticos ou virtuais.

Artigo 17. Fomento da investigación

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de igualdade, promoverá no seo das universidades galegas a realización de investigacións relativas ao acoso e á violencia dixital, incluíndo, entre outros aspectos, as súas causas e consecuencias, os perfís das persoas que os sofren e dos seus autores, a frecuencia destas condutas e os medios dixitais empregados para levalas a cabo, o seu impacto nas vítimas, o grao de sensibilización da sociedade fronte a elas, así como a análise da resposta institucional existente e dos medios necesarios para a súa prevención e a súa reparación.

Artigo 18. Informe anual

Co obxecto de valorar a incidencia do acoso e a violencia dixital na sociedade galega e identificar e previr a aparición de novas condutas de acoso e violencia dixital, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de igualdade, elaborará un informe anual relativo aos delitos de violencia e acoso dixital cometidos en Galicia. Este informe poderá completarse, no seu caso, con aqueles supostos de acoso e violencia dixital de que coñecese a propia Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, respectando a intimidade das persoas e conforme a normativa de protección de datos de carácter persoal, o devandito informe poderá incorporar as circunstancias concorrentes na comisión de tales feitos.

TÍTULO II

Formación do persoal ao servizo da Comunidade autónoma de Galicia e das Forzas e Corpos de Seguridade

Artigo 19. Persoal ao servizo da Comunidade autónoma de Galicia

A Escola Galega de Administración Pública ofertará periodicamente accións formativas que inclúan contidos sobre o acoso e a violencia dixital, dirixidos á totalidade do persoal da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e do sector público autonómico. Estas accións de formación terán por finalidade dotar o devandito persoal das capacidades e habilidades necesarias para detectar as situacións de acoso e violencia dixital e informar das posibilidades de denuncia ás persoas prexudicadas.

Artigo 20. Forzas e Corpos de Seguridade

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de xustiza e en colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública, incluírá a materia de acoso e violencia dixital nos plans formativos que imparta ás persoas membros das Forzas e Corpos de Seguridade, en particular, naquelas actividades formativas sobre violencia de xénero, delitos sexuais, protección da infancia e LGBTIfobia.
2. Así mesmo, desde a tripla perspectiva, de investigación das condutas delituosas, de prevención da súa reiteración e da efectividade da protección das vítimas, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de xustiza e en colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública, organizará actividades formativas específicas relacionadas co acoso e a violencia dixital, coa finalidade de que o alumnado adquira as capacidades e habilidades necesarias para a detección e correcta abordaxe das condutas de acoso e violencia dixital.

TÍTULO III

Dereitos das vítimas de acoso ou violencia dixital

Artigo 21. Dereito á atención integral

1. Sen prexuízo da obriga establecida no artigo 262 da Lei de Axuizamento Criminal, unha vez que se constate dentro do respectivo ámbito competencial a existencia dunha situación de acoso ou de violencia dixital ou de indicios racionais da súa existencia, as autoridades e o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico adoptarán todas as medidas oportunas, de conformidade coa normativa aplicable en cada caso, para garantir a protección e o apoio ás persoas que a sofren, evitar a reiteración das condutas e facilitar a recuperación do seu proxecto vital.
2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de igualdade, habilitará un servizo gratuíto onde as persoas que sofren acoso e violencia dixital poderán recibir asesoramento sobre o modo de proceder en cada caso, apoio técnico, información e orientación adecuados ás súas necesidades para previr novos supostos de violencia dixital.
3. Se nos casos previstos nos apartados anteriores os feitos non fosen obxecto de investigación penal, proporcionaráselle á persoa que sofre acoso e violencia dixital e aos seus familiares, apoio, información e orientación, incluíndo, segundo as circunstancias de cada caso concreto, información sobre as posibilidades de presentar denuncia.

Artigo 22. Asistencia xurídica gratuíta

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de xustiza e nos termos establecidos na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, garantirá o dereito á asistencia xurídica gratuíta de quen litigue na condición de vítima de acoso e violencia dixital, aínda que non sexa titular do devandito dereito por ministerio da lei nin acredite insuficiencia de

recursos para litigar. En todo caso, verificarase a sustentabilidade da pretensión nos termos e cos trámites establecidos nesa Lei.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de igualdade e en colaboración coa consellería con competencias en materia de xustiza, elaborará unha guía informativa sobre os dereitos das vítimas de acoso ou violencia dixital, que inclúa ademais pautas básicas de seguridade informática e recomendacións para salvagardar as evidencias dixitais. De conformidade co establecido na Lei 4/2015, do 27 de abril, do estatuto da vítima do delito, as Oficinas de Atención ás Vítimas facilitaranlle ás vítimas de acoso ou violencia dixital a información básica incluída nesta guía informativa, que tamén estará a disposición de todas as persoas, tanto de maneira física como na páxina web.

3. A actuación das Oficinas de Atención ás Vítimas en relación coa asistencia ás vítimas de violencia e acoso dixital serán compatibles coas que puidesen realizar os organismos previstos para a protección das vítimas de violencia de xénero, delitos sexuais, protección da infancia e adolescencia, LGBTIfobia ou outras violencias con regulacións específicas. Nestes casos, as oficinas actuarán en coordinación con tales organismos competentes para garantir, a través da complementariedade das actuacións, o dereito das persoas vítimas a unha asistencia integral en todos os ámbitos.

Artigo 23. Dereito á restauración da reputación dixital

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de igualdade, porá a disposición das vítimas, un servizo gratuito de eliminación da pegada dixital, co obxecto de suprimir aquel material dixital que continúe accesible en rede e que se empregou como instrumento para a comisión do delito de acoso ou violencia dixital declarado en sede penal.

2. A activación do devandito servizo requirirá dunha resolución xudicial expresa ditada no marco dun procedemento penal pola autoridade xudicial competente, ben de oficio ou por solicitude da vítima e a requirimento da autoridade xudicial competente.

3. Cando así se dispoña na resolución xudicial, o servizo de eliminación da pegada dixital garantirá a preservación das evidencias dixitais cuxa conservación resulte necesaria para fins probatorios.

4. O servizo de eliminación da pegada dixital terá carácter gratuíto para a vítima. Unha vez prestado, a Administración xeral da Comunidade Autónoma resérvase a facultade de repercutir o custo asumido contra a persoa ou persoas condenadas polo correspondente delito de acoso ou violencia dixital.

Artigo 24. Dereito á recuperación do proxecto vital

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá as medidas necesarias para a recuperación integral —física, psíquica, emocional e social— das persoas recoñecidas como vítimas de acoso ou violencia dixital mediante resolución xudicial firme. Estas medidas garantirán, en todo caso, a súa protección e a non repetición dos feitos. Así mesmo, impulsaranse actuacións encamiñadas ao restablecemento da súa dignidade, honra e reputación, así como á superación de calquera situación de estigmatización ou exclusión social derivada da violencia sufrida

Artigo 25. Dereito á reparación simbólica

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia velará pola reparación simbólica das persoas recoñecidas como vítimas de acoso ou violencia dixital mediante resolución xudicial firme, mediante a emisión, cando resulte pertinente, de declaracións institucionais de recoñecemento, tanto de carácter xeral como relativas a casos concretos. Estas actuacións garantirán, en todo caso, o respecto á intimidade persoal e familiar, á protección de datos persoais e á dignidade das vítimas.

Artigo 26. *Persoas interesadas*

Para os efectos do número 2 do artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, nos procedementos administrativos a que se refiren os artigos anteriores e naqueles outros nos que actúe unha persoa que sofre acoso ou violencia dixital, tamén poderán adquirir a condición de persoa interesada, ademais da propia vítima e sempre que contén coa súa autorización expresa, as entidades, asociacións e organizacións da sociedade civil ás que se refire o número 1 do artigo 5.

Disposición adicional primeira. *Modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia*

Modifícase a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia que queda da seguinte maneira:

Un. O artigo 47, letra g), queda redactado coma segue:

“g) A promoción dos valores de igualdade, respecto e integración, desenvolvendo programas para a prevención, control e erradicación do acoso escolar, a violencia de xénero e as actitudes xenófobas. En particular, fomentárase o uso respectuoso das tecnoloxías da información e as comunicacións coa finalidade de previr situacións de acoso e violencia dixital.”

Dous. Engádesse unha nova letra ñ) ao artigo 47, nos seguintes termos:

“ñ) O desenvolvemento de programas psicopedagóxicos de intervención especializada en adicións ás novas tecnoloxías dirixidos a menores e as súas familias que comprenda servizos de prevención e orientación, de tratamento e de formación a profesionais.

Tres. O artigo 83, letra d), queda redactado coma segue:

“d) A aplicación de programas fundamentalmente educativos que fomenten o sentido da responsabilidade e o respecto polos dereitos e liberdades das outras persoas. En particular, fomentarase o uso respectuoso das tecnoloxías da información e as comunicacións coa finalidade de previr situacións de acoso e violencia dixital.”

Catro. Engádese unha nova disposición adicional nos seguintes termos:

“Disposición adicional quinta. Formación especializada para profesionais no ámbito da xustiza penal xuvenil.

Para os efectos do Capítulo IV do Título II, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de infancia e en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, ofertará actividades formativas periódicas sobre acoso e violencia dixital ao persoal con competencias en materia de reeducación de persoas menores infractoras. Tales actividades formativas incluírán a adquisición, por parte do devandito persoal, das capacidades e habilidades necesarias para que as persoas menores infractoras dun delito relacionado co uso de tecnoloxías de información e a comunicación sexan reeducadas no uso respectuoso das mesmas.”

Disposición adicional segunda. *Modificación da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*

Modifícase a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia que queda redactada coma segue:

Un. Engádese un número 6 ao artigo 3, coa seguinte redacción:

“6. A definición de acoso discriminatorio inclúe o acoso e violencia cometidos, instigados ou agravados, en parte ou na súa totalidade, polo uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), ou de ameazas de tales condutas.”

Dous. Modifícase o artigo 33 coa seguinte redacción:

“1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá o acceso de todas as persoas ás novas tecnoloxías en condicións de igualdade de oportunidades, fomentará o uso respectuoso desas novas tecnoloxías para previr o acoso e a violencia dixital contra as persoas LGBTI e garantirá a transmisión, a través dos contidos desas novas tecnoloxías, dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada da sociedade.

2. A tales efectos, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia realizará campañas de sensibilización, prevención e detección das condutas de acoso e violencia dixital contra as persoas LGBTI tanto con carácter xeral dirixidas a toda a poboación, como en ámbitos concretos, en particular nos ámbitos educativo, laboral e emprego público autonómico.”

Tres. Modifícase a numeración da Disposición adicional única por Disposición adicional primeira e engádese unha nova disposición adicional segunda coa seguinte redacción:

“Disposición adicional segunda. Formación en acoso e violencia dixital

As actividades de formación do persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e sector público autonómico de Galicia a que se refiren os artigos 12, 19 e 24, e as actividades de formación das Forzas e Corpos de Seguridade a que se refire o artigo 10, contemplarán as materias de acoso e violencia dixital coa finalidade de que o alumnado adquira as capacidades e habilidades necesarias para a detección de condutas de acoso e violencia dixital relacionadas co

ámbito da presente lei, para a súa abordaxe en caso de detectarse e para salvagardar os dereitos das vítimas.”

Disposición derradeira primeira. *Dotación orzamentaria*

A Xunta de Galicia consignará anualmente nos seus orzamentos os créditos necesarios para garantir a execución das actuacións previstas nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa*

Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento da presente lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.